

Estatutos Agasol

(Asociación de empresas Galegas de Software Libre)



Estatutos Agasol

(Asociación de empresas Galegas de Software Libre)

Índice

CAPÍTULO PRIMEIRO. DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO.....	4
Artigo 1.- Denominación	4
Artigo 2.- Duración.....	4
Artigo 3.- Carácter voluntario	4
Artigo 4.- Obxectivos da Asociación	4
Artigo 5.- Domicilio social	5
CAPÍTULO SEGUNDO . CONDICIÓNS DOS ASOCIADOS E ADMISIÓN DE NOVOS SOCIOS.....	5
Artigo 6.- Integrantes da Asociación	5
Artigo 7.- Clases de asociados (antes condicións).....	6
Artigo 8.- Admisión de socio numerario	6
CAPÍTULO TERCEIRO. DEBERES DOS SOCIOS.....	7
Artigo 9.- Deberes	7
Artigo 10.- Baixas	7
CAPÍTULO CUARTO. DEREITOS DOS SOCIOS.....	7
Artigo 11.- Dereitos dos socios	7
Artigo 12.- Plenitude de dereitos	8
CAPÍTULO QUINTO. ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN.....	9
Artigo 13.- A Asemblea Xeral	9
Artigo 14.- Reunións da Asemblea Xeral	9
Artigo 15.- Convocatoria da Asemblea Xeral	9
Artigo 16.- Constitución da Asemblea Xeral	9
Artigo 17.- Facultades da Asemblea Xeral	9
Artigo 18.- Xunta Directiva	10
Artigo 19.- Remuneración	10
Artigo 20.- Baixa de integrantes da Xunta Directiva	10
Artigo 21.- Reunión da Xunta Directiva	10
Artigo 22.- Facultades da Xunta Directiva	10
Artigo 23.- O Presidente	11
Artigo 24.- O Vicepresidente	12
Artigo 25.- O Secretario	12
Artigo 26.- O Tesoureiro	12
Artigo 27.- Os Vogais	12
Artigo 28.- Vacantes de cargos	12
CAPÍTULO SEXTO. RÉXIME ELECTORAL.....	12
Artigo 29.- Presentación de candidaturas.....	12
Artigo 30.- Xunta electoral.....	13
Artigo 31.- Impugnación de candidaturas.....	13
Artigo 32.- A mesa electoral.....	13
Artigo 33.- Finalización do mandato.....	13

Estatutos Agasol

(Asociación de empresas Galegas de Software Libre)

CAPÍTULO SÉTIMO. RÉXIME DISCIPLINARIO: INFRACCIÓNS, SANCIÓN, PROCEDIMENTO E PRESCRICIÓN.....	13
Artigo 34.- Normas xerais	13
Artigo 35.- Infraccións	14
Artigo 36.- Infraccións moi graves.....	14
Artigo 37.- Infraccións graves	15
Artigo 38.- Infraccións leves.....	15
Artigo 39.- Infraccións dos integrantes da Xunta Directiva	16
Artigo 40.- Sancións	16
Artigo 41.- Procedemento sancionador	17
Artigo 42.- Prescrición	17
CAPÍTULO OITAVO. PATRIMONIO FUNDACIONAL.....	18
Artigo 43.- Patrimonio fundacional	18
Artigo 44.- Recursos económicos da Asociación	18
Artigo 45.- Exercizo asociativo e económico	18
CAPÍTULO NOVENO. MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E NORMAS DE RÉXIME INTERNO.....	18
Artigo 46.- Modificación de Estatutos	18
CAPÍTULO DÉCIMO. DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN.....	19
Artigo 47.- Disolución da Asociación	19
Artigo 48.- Comisión liquidadora.....	19

Estatutos Agasol

(Asociación de empresas Galegas de Software Libre)

CAPÍTULO PRIMEIRO. DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO

Artigo 1.- Denominación

Co nome de “Asociación de Empresas Galegas de Software Libre” constitúese unha asociación radicada na Comunidade Autónoma de Galicia, que se rexerá pola Lei 19/77 de 1º de abril, Real Decreto 873/77 de 22 de abril e demais disposicións de aplicación, así como polas normas contidas nos presentes Estatutos, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2.- Duración

Esta asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3.- Carácter voluntario

A Asociación ten carácter voluntario e agrupará a todas cantas empresas que, tendo a súa sede social na Comunidade Autónoma de Galicia, realicen actividades de Software Libre ou afíns, e que, solicitándoo, acepten someterse ao establecido nos presentes Estatutos.

Artigo 4.- Obxectivos da Asociación

Son fins de AGASOL, a representación, promoción, coordinación, xestión e defensa dos intereses profesionais e empresariais dos seus asociados, ante toda clase de autoridades, administracións, organismos, corporacións, sindicatos, entidades e institucións públicas ou privadas, e particulares en xeral. En cumprimento dos seus fins poderá utilizar todos os medios legais inherentes á súa plena personalidade xurídica e capacidade de obrar.

Sen que isto supoña ningunha limitación, con carácter meramente enunciativo corresponden a AGASOL, en cumprimento dos seus fins, os seguintes obxectivos:

- Promocionar e divulgar o uso do Software Libre, mediante cursos, proxectos de investigación e xornadas de difusión.
- Fomentar a investigación e o desenvolvemento de tecnoloxías baseadas en Software Libre, apoiando así unha maior competitividade empresarial.
- Servir de vínculo e intermediario útil ante a Administración Pública.
- Fomentar a promoción e colaboración das empresas de Software Libre.
- Colaborar con outras asociacións de intereses comúns a través do intercambio de experiencias no campo do Software Libre.
- Desenvolver actividades económicas de todo tipo, encamiñadas á consecución dos seus fins.

Estatutos Agasol

(Asociación de empresas Galegas de Software Libre)

- Exercitar toda clase de accións conforme ás Leis ou aos seus Estatutos, na defensa e promoción do Software Libre.
- A defensa dos intereses empresariais e profesionais dos seus asociados ante organismos públicos e privados, tanto rexionais, nacionais, da Unión Europea e estranxeiros.
- O exercizo ante os xulgados e tribunais de calquera orde ou xurisdición das accións que procedan, así como a realización das xestións e actividades necesarias ante toda clase de autoridades, funcionarios, organismos ou entidades públicas ou privadas nacionais, da Unión Europea e estranxeiras.
- Participar pola canle legal nas tarefas comunitarias da vida política, económica e social, que interesen aos fins propios da Asociación.
- Adquirir e posuír bens e contraer obrigas con subxección ás normas regulamentarias e sen que en ningún caso a responsabilidade da xestión financeira se estenda a ningún asociado.
- Defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lle son propios, sendo os medios típicos de acción a negociación colectiva laboral, a presentación de conflitos colectivos de traballo, o diálogo social e a participación institucional nos Organismos das Administracións laborais.
- Calquera outra actividade lícita, conducente ao cumprimento dos fins asociativos, dentro do marco do asociacionismo profesional introducido por Lei 19/1977, de 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación , así como a normativa regulamentaria.

Artigo 5.- Domicilio social

A Asociación establece o seu domicilio social en rúa Pombal, 43, C.P. 15705 – Santiago de Compostela (A Coruña). A Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva, poderá acordar o seu traslado a outro lugar da Comunidade Autónoma. Á súa vez, os asociados (polo procedemento regulamentario que se estableza) poderán instar á Asociación á apertura de delegacións en calquera outro lugar dentro do seu ámbito de actuación.

CAPÍTULO SEGUNDO . CONDICIÓN DOS ASOCIADOS E ADMISIÓN DE NOVOS SOCIOS

Artigo 6.- Integrantes da Asociación

Poderán ser membros da Asociación as empresas que, reunindo as condicións establecidas no artigo 8 dos presentes Estatutos e encontrándose legalmente habilitadas para o exercizo da correspondente actividade, o soliciten voluntariamente e cumpran as condicións regulamentarias de ingreso que estableza a Xunta Directiva.

Estatutos Agasol

(Asociación de empresas Galegas de Software Libre)

Artigo 7.- Clases de asociados (antes condiciones)

Socios numerarios: persoas xurídicas ou físicas que realicen actividade comercial ou económica relacionada co Software Libre en calquera campo e cumpran cos obxectivos da Asociación.

Non poderá ser membro numerario ningunha persoa incursoa en prohibición, incapacidade, incompatibilidade ou inhabilitación para o exercicio do comercio. Os socios numerarios deberán estar sempre ao corrente no pago das cotas que se fixen regulamentariamente; a falta de pagamento de máis de tres cotas periódicas producirá a baixa inmediata do socio.

Socio suscriptor ou protector: persoa física ou xurídica, que non realizando unha actividade profesional ou empresarial, relacionada co Software Libre, comparta a súa filosofía e os obxectivos sociais de AGASOL. Poderá participar nas actividades desenvolvidas por AGASOL, correspondéndolle os mesmos dereitos e deberes ca a un socio numerario, agás a participación e asistencia ás reunións dos seus órganos de goberno, é dicir, Xunta Directiva e Asamblea Xeral. Poderían asistir ás Asambleas ás que sexan convidados, participando con voz pero sen voto. Decide a súa invitación a Xunta Directiva.

Socios honorarios: A Asamblea Xeral poderá, a proposta da Xunta Directiva, nomear a socios honorarios, correspondendo esta distinción a persoas físicas ou xurídicas que tivesen contribuído de forma especial á consecución dos fins de AGASOL, ou que pola súa traxectoria personal o profesional se fagan merecedoras desta distinción. Os socios honorarios non aboarán ningún tipo de cota podendo asistir ás Asambleas ás que sexan convidados, participando con voz pero sen voto. Decide a súa invitación a Xunta Directiva.

Cando a condición de asociado a ostente unha persoa xurídica, e esta sexa obxecto de fusión, absorción ou transformación na súa forma xurídica, a nova sociedade deberá solicitar por escrito á Asamblea a ratificación da súa condición de socio.

Artigo 8.- Admisión de socio numerario

Para a admisión como socio numerario, será preceptivo:

- Acreditar o exercizo de actividades empresariais ou profesionais relacionadas co desenvolvemento, comercialización, mantemento, difusión e utilización de ferramentas de Software Libre, realizando unha presentación da empresa ante a Xunta Directiva.
- Solicitalo por escrito ao Presidente da Asociación.
- O referendo da solicitude por parte da Xunta Directiva. A ratificación como socio farase por dous terzos dos votos emitidos. En caso de denegarse, poderá ser recorrido polo solicitante ante a Asamblea Xeral máis próxima tras a denegación.
- A ratificación como socio por dous terzos dos votos emitidos na Asamblea Xeral máis próxima tras o referendo da Xunta Directiva.

Estatutos Agasol

(Asociación de empresas Galegas de Software Libre)

CAPÍTULO TERCEIRO. DEBERES DOS SOCIOS

Artigo 9.- Deberes

Son deberes dos socios:

- Asistir á Asemblea Xeral.
- Participar na elección da Xunta Directiva.
- Axustarse nas súas actuacións ás leis e normas estatutarias.
- Cumprir os acordos validamente adoptados pola Asociación.
- Non entorpecer, nin aínda indirectamente, as actividades da Asociación.
- Satisfacer as cotas e derramas.
- Desempeñar fielmente as obrigas inherentes ao cargo que ocupen.
- Acatar os Estatutos Sociais, e as Normas Complementarias que no seu caso se elaboren para a súa aplicación e o seu desenvolvemento.
- Defender os intereses da Asociación e facer propaganda activa dos seus fins.
- Informar á Asemblea de calquera feito ou novidade que atente contra os fins da Asociación ou que puidese ser prexudicial para o interese do conxunto ou de calquera empresa asociada.

Artigo 10.- Baixas

Se un asociado se dá de baixa, de forma voluntaria ou como consecuencia da comisión dunha infracción, a Asociación poderá esixirlle, por todos os medios ao seu alcance, o cumprimento das obrigacións sociais que teña pendentes ata ese momento.

CAPÍTULO CUARTO. DEREITOS DOS SOCIOS

Artigo 11.- Dereitos dos socios

Son dereitos dos socios:

- Elixir e ser elixido para postos de representación e cargos directivos.
- Intervir, con voz e voto, na toma de decisións, nos órganos de Goberno dos que forma parte.
- Informar e ser informados da actividade da Asociación e das cuestións que lles afecten. A Asociación articulará as medidas necesarias para que os socios coñezan o estado económico da Asociación. En concreto, e con independencia de calquera outra medida que se estableza,

Estatutos Agasol

(Asociación de empresas Galegas de Software Libre)

permitirase que en todo momento os socios, previa petición á Xunta Directiva, teñan acceso e poidan examinar as contas da Asociación.

- Intervir, conforme ás normas legais ou estatutarias, na xestión económica e administrativa da Asociación.
- Utilizar os servizos que a Asociación poña á súa disposición, así como as instalacións sociais.
- Facer pública a súa condición de asociado, respectando as limitacións que a Asociación estableza para esta publicidade.
- Propor á Xunta Directiva accións relacionadas co desenvolvemento, comercialización, mantemento, difusión e utilización de ferramentas de Software Libre.
- Solicitar a axuda da Asociación cando se detecte unha discriminación por ofrecer servizos de Software Libre fronte a outras opcións.
- A delegación do seu voto, noutro asistente da Xunta Directiva ou Asamblea. A delegación deberá realizarse por escrito e para cada reunión, debendo figurar os datos e a sinatura de ambos asociados (delegante e delegado). No momento da constitución da asamblea deberase acreditar a delegación de voto, podendo delegar o voto durante a asamblea se ambos socios están presentes.

Artigo 12.- Plenitude de dereitos

A plenitude dos dereitos mencionados no artigo anterior son exclusivos dos socios numerarios. Os socios honorarios só terán os dereitos que outorgan os apartados 5, 6, 7 e 8 do artigo anterior.

Será necesario para exercer os dereitos atribuídos aos socios que estes consten debidamente inscritos no Libro de Socios aberto ao efecto, debendo así mesmo constar as persoas físicas que no seu caso os representen con carácter permanente nos órganos da Asociación.

CAPÍTULO QUINTO. ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN

Artigo 13.- A Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por os asociados numerarios, podendo participar nelas con carácter ocasional os asociados honorarios ou suscritores nos termos especificados no artigo 7.

Artigo 14.- Reunións da Asemblea Xeral

As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase unha vez ao ano dentro dos seis meses seguintes ao peche do exercizo; as extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do Presidente, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o propoña por escrito unha décima parte dos asociados.

Estatutos Agasol

(Asociación de empresas Galegas de Software Libre)

Artigo 15.- Convocatoria da Asemblea Xeral

As convocatorias das asembleas xerais realizaranse por escrito, por correo ordinario ou electrónico, expresando o lugar, día e hora da reunión así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos que se van tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea en primeira convocatoria deberán mediar polo menos 8 días naturais, ou 30 se tivese carácter electoral. Tamén poderá convocarse con carácter urxente, cando a orde do día así o aconselle, neste caso a comunicación deberá realizarse nun prazo non inferior a 48 horas. Constará, se procedese, a data e hora en que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a media hora.

Artigo 16.- Constitución da Asemblea Xeral

As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela un terzo dos asociados con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados con dereito a voto. Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco, nin as abstencións. Será necesaria unha maioría que reúna polo menos a tres cuartos ($\frac{3}{4}$) dos socios presentes ou representados, con voz e voto da Asociación para:

- a) Disolución da Asociación.
- b) Modificación de Estatutos.
- c) Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado.
- d) Remuneración dos membros do órgano de representación.

Artigo 17.- Facultades da Asemblea Xeral

Son facultades da Asemblea Xeral:

- Aprobar, a xestión da Xunta Directiva.
- Examinar e aprobar as Contas anuais.
- Elixir aos membros da Xunta Directiva.
- Fixar as cotas ordinarias ou extraordinarias.
- Ratificar as altas das persoas que solicitaran a súa alta desde a última Asemblea.
- Disolución da Asociación.
- Modificación dos Estatutos.
- Disposición ou alleamento dos bens, cando o seu valor supere os 18.000 €.
- Resolver os recursos interpostos por un asociado contra a resolución da Xunta - Directiva nun expediente disciplinario conforme ao disposto no artigo 39.
- Calquera outra que non sexa competencia atribuída a outro órgano social.

Artigo 18.- Xunta Directiva

A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral.

Estará formada por: Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoreiro e por un mínimo de 1 vogal e un máximo de 3.

Estatutos Agasol

(Asociación de empresas Galegas de Software Libre)

A elección da Xunta Directiva corresponderalle á Asamblea Xeral, sendo o seu mandato de 4 anos, a cuxo remate poderán presentarse á reelección. Os membros da Xunta Directiva deben ser socios numerarios.

Artigo 19.- Remuneración

O desempeño do cargo será gratuíto, con excepción do abono de gastos, ou dietas derivados do seu exercizo.

Artigo 20.- Baixa de integrantes da Xunta Directiva

Estes poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigacións que tivesen encomendadas e por expiración do mandato.

Artigo 21.- Reunión da Xunta Directiva

A Xunta Directiva reunirse cantas veces determine o seu Presidente, ou ben a iniciativa ou petición de dous dos seus membros. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. En caso de empate, o voto do Presidente será de calidade.

Artigo 22.- Facultades da Xunta Directiva

As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral a todos os actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral as contas anuais.
- Resolver sobre a admisión de novos asociados.
- Nomear delegados para algunha determinada actividade da Asociación.
- Redactar a Memoria anual de actividades para ser sometida á aprobación da Asemblea Xeral.
- A Xunta Directiva poderá dispoñer de fondos de AGASOL ata un límite de 18.000 euros; a partir desta cantidade, deberá obter o consentimento expreso da Asemblea, á que en calquera caso deberá dar conta do seu destino ata aquel importe.
- Instruír e resolver de forma provisional os procedementos para a sanción aos asociados conforme ao disposto no artigo 39 dos Estatutos.
- Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de socios.

Estatutos Agasol

(Asociación de empresas Galegas de Software Libre)

Artigo 23.- O Presidente

O Presidente terá as seguintes atribucións:

- Representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados.
- Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
- Dirixir as deliberacións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- Autorizar os pagos, dispoñendo dos fondos da Asociación. A tal fin deberán ser obrigatorias as sinaturas de Presidente e Tesoureiro para expedir libramentos e retirar fondos.
- Autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia.
- Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

Artigo 24.- O Vicepresidente

O Vicepresidente substituirá ao Presidente en ausencia deste, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións ca el.

Artigo 25.- O Secretario

O Secretario terá a cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os libros da asociación legalmente establecidos e o ficheiro de asociados, e custodiará a documentación da entidade. Levantará actas das reunións e será o responsable de realizar os trámites que correspondan para dar cumprimento aos acordos dos órganos de goberno, así como o cumprimento das obrigacións documentais nos termos que legalmente correspondan.

Artigo 26.- O Tesoureiro

O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente.

Artigo 27.- Os Vogais

Os Vogais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, e así como as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

Artigo 28.- Vacantes de cargos

As vacantes que se puidesen producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre os devanditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral convocada ao efecto.

Estatutos Agasol

(Asociación de empresas Galegas de Software Libre)

CAPÍTULO SEXTO. RÉXIME ELECTORAL

Artigo 29.- Presentación de candidaturas.

Dende o mesmo día no que se realiza a convocatoria, ata as 20:00 horas do 3º día hábil anterior á Asamblea electoral poderán presentarse nas oficinas de AGASOL as correspondentes candidaturas conxuntas nas que se deberán individualizar os cargos ou funcións a desempeñar por cada persoa, é dicir, Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro, e un número mínimo de 1 vogal e un máximo de 3. Para poder formar parte dunha candidatura, será necesario estar ao corrente no pago das cotas.

Artigo 30.- Xunta electoral.

Convocada a Asamblea, designarase a xunta electoral formada por dous asociados, designados por sorteo entre os asociados que non se presentan ás eleccións nin pertencen á xunta directiva.

Artigo 31.- Impugnación de candidaturas.

Expirado o prazo para presentación de candidaturas, no seguinte día hábil poderán os asociados impugnar as candidaturas presentadas.

A Xunta Electoral deberá reunirse en sesión extraordinaria e urxente para avaliar a procedencia ou improcedencia da impugnación presentada, debendo resolver as reclamacións presentadas nun prazo non superior a 24 horas. Finalizado este, comunicarse a todos os asociados cales son as candidaturas que optan á Xunta Directiva.

Artigo 32.- A mesa electoral

a mesa electoral formarana as mesmas persoas cá Xunta Electoral. Iniciada a Asamblea, chamarán por orde alfabética aos asociados para que exerzan o seu dereito de voto en urna, emitindo tanto o seu voto como o que ostenten por delegación. Cada asociado poderá ostentar máis dunha delegación. Terminada a votación, procederase ao escrutinio, resultando vencedora a candidatura que obteña o maior número de votos.

Artigo 33.- Finalización do mandato.

Os membros da Xunta Directiva que tivesen esgotado o prazo para o cal foron elixidos, (4 anos) continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a elección da nova xunta. A elección deberá celebrarse entre dous meses antes ou dous meses despois da data das últimas eleccións.

Estatutos Agasol

(Asociación de empresas Galegas de Software Libre)

Desde o día no que se convoquen eleccións a Xunta Directiva estará en funcións, non podendo realizar ningún acto de disposición, agás aqueles que resulten da actividade ordinaria de AGASOL e sexan necesarios para o seu normal funcionamento.

CAPÍTULO SÉTIMO. RÉXIME DISCIPLINARIO: INFRACCIÓNS, SANCIÓN, PROCEDIMENTO E PRESCRICIÓN

Artigo 34.- Normas xerais

No exercizo da potestade disciplinaria respectaranse os criterios de:

- A debida proporcionalidade coa gravidade da infracción, atendendo á natureza dos feitos, ás consecuencias da infracción e á concorrencia de circunstancias atenuantes ou agravantes.
- A inexistencia de dobre sanción polos mesmos feitos.
- A aplicación dos efectos retroactivos favorables.
- A prohibición de sancionar por infraccións non tipificadas con anterioridade ao momento da súa comisión.
- A responsabilidade disciplinaria extínguese en todo caso por:
 - O cumprimento da sanción.
 - A prescrición da infracción.
 - A prescrición da sanción.
 - O falecemento do infractor.

Para a imposición das correspondentes sancións disciplinarias teranse en conta as circunstancias agravante da reincidencia, e atenuante de arrepentimento espontáneo. Hai reincidencia cando o autor da falta fose sancionado anteriormente por calquera infracción de igual gravidade, ou por dúas ou máis que o fosen de menor. A reincidencia entenderase producida no transcurso de 1 ano, contado a partir da data en que se cometeu a primeira infracción.

Artigo 35.- Infraccións

As infraccións contra a boa orde social susceptibles de ser sancionadas clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 36.- Infraccións moi graves

Teñen a consideración de infraccións disciplinarias MOI GRAVES:

- Todas aquelas actuacións que prexudiquen ou obstaculicen a consecución dos fins da asociación, cando teñan consideración de moi graves.
- O incumprimento ou as condutas contrarias ás disposicións estatutarias e/ou regulamentarias da Asociación, cando se consideren como moi graves.

Estatutos Agasol

(Asociación de empresas Galegas de Software Libre)

- O incumprimento dos acordos validamente adoptados polos órganos da asociación, cando se consideren moi graves.
- A protesta ou actuacións airadas e ofensivas que impidan a celebración de asembleas ou reunións da Xunta Directiva.
- Participar, formular ou escribir, mediante calquera medio de comunicación social, manifestacións que prexudiquen de forma moi grave a imaxe da asociación.
- A usurpación ilexítima de atribucións ou competencias sen contar coa preceptiva autorización do órgano competente da entidade.
- Agredir, ameazar ou insultar gravemente a calquera asociado.
- A indución ou complicidade, plenamente probada, a calquera socio na comisión das faltas contempladas como moi graves.
- O quebrantamento de sancións impostas por falta grave ou moi grave.
- Todas as infraccións tipificadas como leves ou graves e cuxas consecuencias físicas, morais ou económicas, plenamente probadas, sexan consideradas como moi graves.
- En xeral, as condutas contrarias á boa orde social, cando se consideren moi graves.

Artigo 37.- Infraccións graves

Son infraccións punibles dentro da orde social e serán consideradas como GRAVES:

- O quebrantamento de sancións impostas por infraccións leves.
- Participar, formular ou escribir mediante calquera medio de comunicación social, manifestacións que prexudiquen de forma grave a imaxe da asociación.
- A indución ou complicidade, plenamente probada, de calquera asociado na comisión de calquera das faltas contempladas como graves.
- Todas as infraccións tipificadas como leves e cuxas consecuencias físicas, morais ou económicas, plenamente probadas, sexan consideradas graves.
- A reiteración dunha falta leve.
- O incumprimento ou as condutas contrarias ás disposicións estatutarias e/ou regulamentarias da asociación, cando se consideren como graves.
- O incumprimento dos acordos validamente adoptados polos órganos da asociación, cando teñan a consideración de grave.
- En xeral, as condutas contrarias á boa orde social, cando se consideren como graves.

Artigo 38.- Infraccións leves

Considéranse infraccións disciplinarias LEVES:

- A falta de asistencia durante dous ocasións consecutivas ás asembleas xerais, sen xustificación algunha.
- A falta de pagamento de tres cotas consecutivas, salvo que exista causa que o xustifique a criterio da Xunta Directiva.

Estatutos Agasol

(Asociación de empresas Galegas de Software Libre)

- Todas aquelas condutas que impidan o correcto desenvolvemento das actividades propias da asociación, cando teñan a consideración de leve.
- Os malos tratos dos bens mobles ou inmobles da Asociación.
- Toda conduta incorrecta nas relacións cos socios.
- A indución ou complicidade, plenamente probada, de calquera asociado na comisión das faltas contempladas como leves.
- O incumprimento ou as condutas contrarias ás disposicións estatutarias e/ou regulamentarias da entidade, cando se consideren como leves.
- En xeral, as condutas contrarias á boa orde social, cando se consideren como leves.

Artigo 39.- Infraccións dos integrantes da Xunta Directiva

1. Considéranse infraccións MOI GRAVES:

- A non convocatoria nos prazos e condicións legais, de forma sistemática e reiterada, dos órganos da asociación.
- A incorrecta utilización dos fondos da entidade.
- O abuso de autoridade e a usurpación ilexítima de atribucións ou competencias.
- A inactividade ou abandono de funcións que supoña incumprimento moi grave dos seus deberes estatutarios e/ou regulamentarios.

2. Considéranse infraccións GRAVES:

- Non facilitar aos asociados a documentación da entidade que por estes lle sexa requirida (estatutos, actas, normas de réxime interno etc.).
- Non facilitar o acceso dos asociados á documentación da entidade.
- A inactividade ou abandono de funcións cando causen prexuízos de carácter grave ao correcto funcionamento da entidade.
- A falta de asistencia a dúas reunión da Xunta Directiva consecutivas, sen causa xustificada.

3. Teñen a consideración de infraccións LEVES:

- A inactividade ou abandono de funcións, cando non teñan a consideración de moi grave ou grave.
- As condutas ou actuacións contrarias ao correcto funcionamento da Xunta Directiva.

Artigo 40.- Sancións

As sancións susceptibles de aplicación pola comisión de **infraccións moi graves**, descritas no artigo 36, serán a perda da condición de asociado ou a suspensión temporal en tal condición durante un período dun ano a catro anos, en adecuada proporción á infracción cometida.

As **infraccións graves**, recollidas no artigo 37, darán lugar á suspensión temporal na condición

Estatutos Agasol

(Asociación de empresas Galegas de Software Libre)

de asociado durante un período dun mes a un ano.

As **infraccións de carácter leve**, recollidas no artigo 38, darán lugar á amoestación ou á suspensión temporal do asociado por un período dun mes.

As infraccións descritas no artigo 39 darán lugar, no caso das moi graves, ao cesamento nas súas funcións de membro da Xunta Directiva e, no seu caso, á inhabilitación para ocupar novamente cargos no órgano de goberno. No caso das graves dará lugar ao cesamento durante un período dun mes a un ano. Se a infracción cometida ten o carácter de leve dará lugar á amoestación ou suspensión polo período dun mes.

Artigo 41.- Procedemento sancionador

Para a adopción das sancións sinaladas nos artigos anteriores, tramitarase un expediente disciplinario, no cal o asociado ten dereito a ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias na súa contra, e a ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado, no seu caso, o acordo que impoña a sanción.

A instrución dos procedementos sancionadores corresponde á Xunta Directiva, nomeándose para ese efecto por esta os integrantes que teñan encomendada devandita función. No caso de tramitarse expediente contra un membro da Xunta Directiva este non poderá formar parte do órgano instrutor, debendo absterse de intervir e votar na reunión da Xunta Directiva que decida a resolución provisional.

O órgano instrutor dos procedementos disciplinarios estará formado por un Presidente e un Secretario. O Presidente ordenará ao Secretario a práctica daquelas dilixencias previas que estime oportunas co obxecto de obter a oportuna información sobre a comisión de infracción por parte do asociado. Á vista desta información a Xunta Directiva poderá mandar archivar as actuacións ou acordar a incoación de expediente disciplinario. Neste último caso, o Secretario pasará ao interesado un escrito no que porá de manifesto os cargos que se lle imputan, aos que poderá contestar alegando na súa defensa o que estime oportuno no prazo de 15 días, transcorridos os cales, pasarase o asunto á primeira sesión da Xunta Directiva, a cal acordará o que proceda.

O acordo debe ser adoptado polas tres cuartas ($\frac{3}{4}$) partes dos integrantes de devandito órgano de representación. A resolución que se adopte terá carácter provisional. O asociado poderá formular recurso ante a Asemblea Xeral no prazo de quince días desde o día seguinte a aquel en que reciba a resolución. De non formularse recurso no prazo indicado, a resolución devén firme. A Asemblea Xeral, adoptará a resolución que proceda en relación co expediente disciplinario ou sancionador; non poderá formar parte desta Asemblea Xeral o presunto infractor, a resolución que adopte deberá ser aprobada polas tres cuartas ($\frac{3}{4}$) partes dos integrantes.

Artigo 42.- Prescrición

As infraccións prescribirán aos tres anos, ao ano ou ao trimestre, segundo se trate de infraccións moi graves, graves ou leves, comezándose a contar o prazo de prescrición ao día seguinte ao efectivo coñecemento por parte da Xunta Directiva da comisión da infracción. O prazo de prescrición interromperase pola iniciación do procedemento sancionador, con coñecemento do interesado, pero se este permanecese paralizado durante un mes por causa non imputable ao asociado, volverá correr o prazo correspondente.

As sancións prescribirán aos tres anos, ao ano ou ao mes, segundo se trate das que

Estatutos Agasol

(Asociación de empresas Galegas de Software Libre)

correspondan a infraccións moi graves, graves ou leves, comezándose a contar o prazo de prescrición desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción.

CAPÍTULO OITAVO. PATRIMONIO FUNDACIONAL

Artigo 43.- Patrimonio fundacional

Inicialmente a Asociación non ten patrimonio.

Artigo 44.- Recursos económicos da Asociación

Os recursos económicos previstos pola Asociación para o desenvolvemento das actividades sociais, serán os seguintes:

As cotas de entrada.

As cotas de socios, periódicas ou extraordinarias, que acorde a Asemblea Xeral. O importe das cotas periódicas poderá incrementarse o inicio do ano na porcentaxe que resulte de aplicar o IPC real do ano anterior. Esta decisión corresponderá a Xunta Directiva.

Os derivados dos bens e dereitos que lle correspondan, así como as subvencións, legados e doazóns que poida recibir en forma legal por parte dos asociados ou de terceiras persoas.

Os ingresos que obteña a Asociación mediante as actividades lícitas que acorde realizar a Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral, sempre dentro dos fins estatutarios.

Artigo 45.- Exercizo asociativo e económico

O exercizo asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

CAPÍTULO NOVENO. MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E NORMAS DE RÉXIME INTERNO

Artigo 46.- Modificación de Estatutos

Os Estatutos da Asociación poderán ser modificados cando resulte conveniente aos seus intereses, por acordo da Asemblea Xeral. O acordo de modificar os Estatutos require o voto favorable dos tres cuartos ($\frac{3}{4}$) dos socios presentes ou representados, con voz e voto da Asociación.

Os presentes Estatutos poderán ser desenvolvidos mediante Normas de Réxime Interno, aprobadas por acordo da Asemblea Xeral por maioría simple dos socios presentes ou representados.

Estatutos Agasol

(Asociación de empresas Galegas de Software Libre)

CAPÍTULO DÉCIMO. DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 47.- Disolución da Asociación

A asociación disolverase:

- Por vontade dos socios, expresada en Asemblea Xeral convocada ao efecto, co voto favorable dos tres cuartos ($\frac{3}{4}$) dos socios presentes ou representados, con voz e voto da Asociación.
- Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- Por sentenza xudicial.

Artigo 48.- Comisión liquidadora

En caso de disolverse a Asociación, a Asemblea Xeral que acorde a disolución, nomeará unha Comisión Liquidadora, composta por dous membros extraídos da Xunta Directiva. Esta Comisión Liquidadora farase cargo dos fondos que existan.

Unha vez satisfeitas as obrigas sociais fronte aos socios e fronte a terceiras persoas, o patrimonio social sobrante, se o houber, será entregado a asociacións con fins similares para realizar actividades sen ánimo de lucro ou á Free Software Foundation, segundo decida a Asemblea Xeral que acorde a disolución, e en última instancia, á Beneficencia.